

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DA VALORACIÓN DAS SOLICITUDES INICIAIS PARA O USO DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS

ANTECEDENTES

- O Concello de San Sadurniño dotouse dun Centro Municipal de Empresas (CME), situado no edificio anexo ao Pazo da Marquesa
- No BOP nº 208 do 03/11/2016 publicáronse a ordenanza fiscal e o regulamento do CME
- Entre o 04/11/2016 e o 04/01/2017 abriuse un prazo para que as persoas, empresas ou entidades interesadas puidesen presentar as súas solicitudes para facer uso dos servizos do CME
- Un dos servizos do CME é o uso dos locais dispoñibles, e o artigo 10 do Regulamento do CME establece o réxime das solicitudes
- O artigo 12 do devandito regulamento desenvolve o proceso de avaliación das solicitudes
- Con data do 23/01/2017 esta Alcaldía emitiu unha resolución para a creación da Comisión técnica de valoración das solicitudes para o uso dos locais do CME
- Con data do 27/01/2017 a Alcaldía aprobou a resolución de aprobación provisional das solicitudes para o uso dos locais do CME, logo de que a Comisión emitise o seu informe de valoración.
- Con data do 31/01/2017 Óscar González Daspenas presenta unha alegación á resolución de aprobación provisional solicitando que se modifique o local que inicialmente se lles concedera por mor dun erro motivado polo propio Concello.
- Analizado esta alegación, o Concello debe darlle a razón á solicitude, xa que se constata o citado erro.

Tendo en conta estes antecedentes

RESOLVO

1. Aprobar definitivamente a seguinte relación de valoración das solicitudes para o uso de locais do CME, ordenada en función da puntuación obtida e indicando o local que lles correspondería segundo o indicado nos impresos de solicitude e a súa situación na valoración, así como as alegacións presentadas no prazo estipulado:



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Nº de solicitude	Persoa / Entidade solicitante	Puntuación	Local concedido
3	Alba Gil Castro	67	9
4	Óscar González Daspenas	61	12
2	Josefina Couce Couce	59	3
6	Almudena Blanco Novo	52	10
7	Jorge J. Álvarez Castrillón	42	1
1	Lucía Fernández Ramil	30	2
5	Luís A. Martínez Parada	16	4

2. Instar aos servizos municipais para que se expoña a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.
3. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso de reposición, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto. Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

San Sadurniño, 8 de febreiro de 2017

O Alcalde

Secundino García Casal